Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

CVE: RG46iFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 38. Residencial denso

- Onde di:

"…
Usos.
Uso principal: residencial. Permitidos comercial, servizos e pequena industria artesana compatibles co residencial e prohibidos os non compatibles co residencial."
…

- Debe dicir:

"…
Usos.
Uso principal: residencial. Permitidos ***terciario*** *comercial* ***de categoría 1ª****,* ***terciario recreativo de categoría 1ª****, e pequena industria compatible co residencial, produtivo e* ***almacenaxe de categorías 1ª****, e prohibidos os non compatibles co residencial."*
…

Artigo 39. Residencial de media densidade

- Onde di:

"…
Uso principal residencial: permitidos comerciais, servizos e pequena industria compatibles co residencial e prohibidos os non compatibles co residencial."
…

- Debe dicir:

"…
Uso principal residencial. Permitidos ***terciario*** *comercial de categoría 1ª,* ***terciario recreativo de categoría 1ª****, e pequena industria compatible co residencial, produtivo e* ***almacenaxe de categorías 1ª****, e prohibidos os non compatibles co residencial."*
…

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 pola que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

CVE: RG46iFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 40. Residencial de baixa densidade.

- Onde di:

  "…
  Usos.
  Uso principal residencial. Se permiten usos comerciais, servizos e pequena industria compatibles co residencial; son usos prohibidos todos os incompatibles co residencial."
  …

- Debe dicir:

  "…
  Usos.
  Uso principal residencial. Se permiten usos ***terciario*** *comerciais de categoría 1ª,* ***terciario recreativo de categoría 1ª*** *e pequena industria compatible co residencial,* ***produtivo e almacenaxe de categorías 1ª****; son usos prohibidos todos os incompatibles co residencial."*
  …

Artigo 41. Solo urbano de núcleo rural.

- Onde di:

  "…
  Usos.
  Uso principal residencial. Se permiten usos comerciais, servizos e pequena industria compatibles co principal."
  …

- Debe dicir:

  "…
  Usos.
  Uso principal residencial. Se permiten usos ***terciario*** *comercial, de categoría 1ª,* ***terciario recreativo de categoría 1ª*** *e pequena industria compatibles co residencial,* ***produtivo e almacenaxe de categorías 1ª****;* ***son usos prohibidos todos os incompatibles co residencial****."*
  …

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 pola que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

CVE: RG46IFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 55. Características das unidades de execución.

- Onde di:

  "Unidade de execución nº 1."
  …

- Engádese o texto:

  "…
  ***Nas unidades en que o uso principal sexa o residencial, permítense usos terciario comerciais, de categoría 1ª, terciario recreativo de categoría 1ª e pequena industria compatibles co residencial, produtivo e almacenaxe de categorías 1ª, sendo usos prohibidos todos os incompatibles co residencial**.*

  Unidade de execución nº 1."

Art. 101. Usos

- Onde di:

  "Neste tipo de solo hai usos prohibidos que son os incompatibles co uso residencial, xa que atópase inmerso dentro dun núcleo de poboación."
  …

- Debe dicir:

  *"Neste tipo de solo hai usos prohibidos que son os incompatibles co uso residencial, xa que **está** inmerso dentro dun núcleo de poboación.*

  Así o uso principal é residencial. Permítense usos terciario comercial, de categoría 1ª, terciario recreativo de categoría 1ª e pequena industria compatible co residencial, produtivo e almacenaxe de categorías 1ª ".

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 pola que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

CVE: RG46IFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO I: CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SECTORIAL

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 pola que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

CVE: RG46IFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO I: CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SECTORIAL

Tal e como se indica nos apartados da Memoria, 3.3. AFECCIÓNS SECTORIAIS, no que se expón que dende o punto de vista da lexislación sectorial non existen afeccións a ter en conta, dado o carácter e alcance da propia Modificación puntual; e no apartado 4.3. COHERENCIA DA MODIFICACIÓN COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E COA NORMATIVA SECTORIAL E AMBIENTAL, a presente Modificación non supón cambios sobre o planeamento urbanístico vixente que se teña detectado que puideran afectar a ámbitos suxeitos a lexislacións aplicables de carácter sectorial ou ambiental.

En todo caso, cómpre indicar que tendo en conta que esta nova Normativa ten por obxecto impedir a nova implantación de instalacións e usos, tales como gasolineiras, estacións de servizo ou instalacións de distribución ao pormenor de produtos petrolíferos, polo que se refire á regulación destes usos; a modificación cumpre coa normativa sectorial con incidencia nesta materia, estando o establecido no Artigo 20. Clases de usos, á lexislación sectorial de aplicación para estes usos:

- "Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.".

  O documento da modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Cambre ten en conta a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, especialmente en relación co artigo 43.2, establecendo que se estará ao disposto nel, para os usos detallados correspondentes.

- "Real Decreto-Lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.".

  O documento da modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Cambre ten en conta o Real Decreto-Lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, especialmente en relación co artigo 3, establecendo que se estará ao disposto nel, para os usos detallados correspondentes.

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 pola que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

CVE: RG46iFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO II: INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 pola que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

CVE: RG46IFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE CAMBRE REFERENTE Á LOCALIZACIÓN DE DIVERSAS EDIFICACIÓNS E ACTIVIDADES

Promotor: Concello de Cambre
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU)
Expediente: 2019AAE2334
Código web: 2204/2019

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O concello de Cambre dispón dunhas Normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente o 27.07.1994, as cales foron obxecto de cinco modificacións puntuais.
2. O día 09.05.2019 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello de Cambre no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades*, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 13.05.2019 esta Dirección Xeral iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico por un prazo de dous meses, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica. Ao mesmo tempo, consultouse á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o regulamento da dita Lei do solo.
2. Segundo o artigo 46.2.a) da LSG, as modificacións menores dos plans xerais de ordenación municipal deben someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
3. De acordo co artigo 31.2 da Lei 21/2013, o órgano ambiental -tras consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas- emitirá o informe ambiental estratéxico.
4. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CVE: XiFehVlW31
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 polo que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)

CVE: RG46IFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da Modificación puntual

Ámbito de actuación: zonas do termo municipal de Cambre nas que son de aplicación as ordenanzas residenciais de solo urbano e solo de núcleo rural.

Obxecto: regular con máis detalle os usos do solo permitidos en ordenanzas residenciais de solo urbano e de núcleo rural, impedindo a localización nestas áreas de certas actividades molestas -especialmente por ruídos- ou potencialmente perigosas, co obxecto de minimizar os efectos negativos xerados.

Proposta: preténdese categorizar con máis detalle as clases de usos e axustar aqueles permitidos[1] nas ordenanzas de solo urbano residencial, solo urbano residencial de núcleo rural e solo non urbanizable común interior a núcleo rural de uso principal residencial, evitando a posibilidade de implantación nestas zonas de:

- Novas gasolineiras, estacións de servizo ou instalacións de distribución ao pormenor de produtos petrolíferos.
- Talleres mecánicos de chapa e pintura de automóbiles.
- Actividades terciarias de ocio e esparexemento (cafés-concerto, discotecas, salas de baile, salas de festa, tablaos flamenco e similares).

En concreto, proponse a modificación dos artigos 20 -sobre as clases de usos en xeral-; 36, 38, 39, 40 e 55 -sobre o solo urbano residencial-; e 41 e 101 -sobre o solo de núcleo rural- das Normas subsidiarias de planeamento vixentes.

A finalidade é definir os tipos de usos considerados polas Normas subsidiarias e promover localizacións máis apropiadas para as anteditas instalacións, fóra das áreas de uso maioritario residencial.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O termo municipal de Cambre (40,7 km^2) sitúase na comarca de Coruña e no extremo centro-norte da provincia da Coruña. Está dividido en 12 parroquias e conta con 166 asentamentos de poboación segundo o listado do *Plan básico autonómico*. A súa poboación actual é de 24.603 habitantes (IGE, 2018) e está afectado por unha dinámica progresiva continuada durante os últimos 20 anos.

Cambre enmárcase na grande área paisaxística de "Golfo Ártabro" e nas comarcas paisaxísticas de "Golfo Ártabro Litoral" e "Golfo Ártabro Interior", e presenta a Área de especial interese paisaxístico das "Fragas de Cecebre" segundo o *Catálogo de Paisaxes de Galicia*. Por outra banda, as principais canles que discorren polo termo municipal son o río Mero -ao que se asocia unha área asolagable- e os seus afluentes o rego de Gándara, o río Brexo e o río Valiñas.

Respecto do patrimonio natural, no concello se insiren espazos naturais da *Rede Galega de Espazos Protexidos,* existindo a Zona especial de conservación (ZEC) do "Encoro de Abegondo-Cecebre" na marxe leste do concello. Noutro eido, detéctase a presenza da especie vulnerable da *Rana temporaria* recollida no *Catálogo Galego de Especies Ameazadas,* así como teselas correspondentes ao hábitat prioritario "Bosques aluviales de *Fraxinus excelsior* e *Alnus glutinosa*" (91E0*) segundo o *Atlas e manual dos hábitats españois.*

[1] Aínda que na nova versión do artigo 20 se mencionan as categorías de uso terciario-oficinas e terciario-hoteleiro, non se fai referencia nas ordenanzas específicas obxecto da Modificación puntual se se trata de usos permitidos ou se se establecen limitacións á súa implantación, aspecto que convería ser aclarado.

CVE: XiFehVlW31
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 pola que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

CVE: RG46iFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A zona norte do municipio de Cambre forma parte do ámbito do *Plan de ordenación do litoral* e na unidade de paisaxe "Esteiro do Mero", atopándose recollido na área continua de ordenación do litoral.

En relación ao patrimonio cultural, polo oeste do concello de Cambre discorre o Camiño de Santiago Inglés. Así mesmo, cómpre destacar a existencia de dous bens de interese cultural: Igrexa de Santa María de Cambre e a Torre de Andeiro.

En canto á mobilidade, o municipio está caracterizado pola presenza da autoestrada AP-9, da autovía A-6, da estrada nacional N-550, das estradas autonómicas AC-214 (Guísamo-Sigrás), AC-221 (San Pedro de Nós-Mabegondo), e AC-213 (O Burgo-Os Campós), e a estrada provincial DP-1702 (Cambre- La Rocha).

3. Período de consultas previas

Recibiuse resposta da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do Instituto de Estudos do Territorio, da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Mobilidade.

O Concello deberá considerar estas observacións no proceso de elaboración da Modificación puntual, para o cal se lle remiten os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Sinala que a mellora das condicións de vida dos residentes das distintas áreas residenciais do municipio e a minoración de riscos potencialmente existentes, poden conceptuarse como de interese público para a formulación da Modificación puntual, en tanto se axuste á lexislación sectorial aplicable.

Sobre o contido da documentación, indica que deberá completarse a redacción modificada no artigo 101, e achegarse como anexo á memoria informe xustificativo de que a Modificación puntual cumpre coa normativa sectorial con incidencia nela, especialmente en relación co artigo 43.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e o artigo 3 do Real Decreto-lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

Instituto de Estudos do Territorio

Indica que tendo en conta a incidencia visual, sonora e ambiental derivada dos usos obxecto de Modificación, considera que as restricións impostas nos espazos residenciais veñen a mellorar a calidade das paisaxes urbanas e de núcleo rural. Polo tanto, a proposta non provocará un impacto paisaxístico significativo.

Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Informa que non ten nada que obxectar.

Axencia Galega de Infraestruturas

Sinala que na documentación presentada non se recollen as afección acústicas para as vías de titularidade autonómica, polo que indica as limitacións de uso derivadas do ruído que deberán incluírse na parte normativa.

Así mesmo, anexa os criterios de ordenación e as distancias mínimas que a AXI considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario, e indica os casos que -con carácter excepcional- poderán admitirse reducións de ditas distancias.

Dirección Xeral de Mobilidade

Indica que non hai ningunha consideración que realizar.

CVE: XiFehVlW31
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 pola que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)

CVE: RG46iFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

A proposta pretende restrinxir os usos do solo permitidos nas ordenanzas residenciais de solo urbano e de solo de núcleo rural, impedindo a implantación de certas actividades potencialmente perigosas ou molestas.

Tendo en conta a natureza normativa da proposta -que non supón cambios na clasificación do solo, nas condicións da edificación, nin comporta novas ocupacións- non se esperan afeccións ao patrimonio natural e cultural, á paisaxe ou ao ciclo hídrico. Pola contra, a limitación de certos usos molestos ou contaminantes pode supoñer un efecto positivo sobre estas áreas.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da Modificación Puntual.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades,* ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Margarita Segade Castro
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades*.**

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (https://cmatv.xunta.gal); remitirase ao Concello de Cambre, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación da Modificación puntual.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a Modificación puntual no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da Modificación puntual.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Cruz Ferreira Costa
Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

CVE: XiFehVlW31
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: MOSQUERA GARCÍA, HELENA
Cargo: Xefa do Servizo de Urbanismo da Coruña
Data e hora: 09/12/2022 09:32:44
Motivo: Documento aprobado definitivamente por Orde da CMATV do 28/11/2022

CVE: RG46IFZRhLb6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DILIXENCIA: Esténdoa eu, secretaria xeral do Concello de Cambre (A Coruña), para facer constar que segundo informe do arquitecto José Ramón Díaz Barbeito de data 15 de setembro de 2022 o presente documento denominado "Modificación Puntual de Normas Subsidiarias de Planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades", redactado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, é coincidente no seu contido co dilixenciado en data 22 de abril de 2021 pola que foi secretaria xeral deste Concello, na que se fixo constar que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal na sesión ordinaria de data 29 de decembro de 2020.
Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral (Asinado dixitalmente)